

Xosé Manuel Sánchez Rei  
*Universidade da Coruña; sanrei@udc.es*

# O complemento preposicional perspectivado desde o marco teórico da gramática de valencias

## 1. Introducción

Para alén doutras posibilidades de abordaxe, como a semántica ou a morfolóxica, desde un achegamento sintáctico os verbos veñen sendo clasificados en: (i) transitivos, que son aqueles que precisan de un ou de dous complementos para teren significación plena; (ii) intransitivos, que non exixen elementos para teren un significado coherente; e (iii) impersoais, que non precisan nin de suxeito nin de complementación ningunha<sup>1</sup>. Porén, aínda que esta tripla distinción é fundamentalmente acaída, a noción da transitividade –subfunción, con Halliday (1973: 29-40), dentro doutra de dominios máis extensos, a participación– non significa necesariamente un comportamento sintáctico estático ou fixo canto a esa cualidade. É por iso que a transitividade é comunmente presentada como un *continuum*, con dous pólos máximos, un forte e un fraco, de acordo con Vilela (1992: 49-50), que pode resultar alterado por diversos factores, como a diferenciación diacrónica, o propio carácter dos verbos, o tipo de rexistro etc<sup>2</sup>.

De cantos actantes precisa o verbo e de que tipo son é o que nos indica a valencia, grazas á cal chegamos a saber o número de elementos argumentais que ten o verbo, a súa obrigatoriedade ou a súa eventual elisión<sup>3</sup> etc. Como é sabido, a noción de actante contrasta coa de circunstante, que é un tipo de complementación cun carácter non

---

<sup>1</sup> Sobre a transitividade, véxanse, entre outros, os traballos de Blinkenberg (1960), Cano Aguilar (1981), Freixeiro Mato (2000a) ou García Miguel (1995).

<sup>2</sup> A este respecto, Blinkenberg refírese á transitividade como unha función que se caracteriza, precisamente, pola súa variabilidade. Nas súas propias palabras, “il nous a paru essentiel de regarder la transitivité comme une qualité normalement variable des mots qu'elle affecte. Ces variations peuvent être simplement des variations dans le degré de la cohesion; elles peuvent affecter aussi le mode de rattachement du régime au mot transitif” (Blinkenberg, 1960: 45).

<sup>3</sup> Ao falarmos dos elementos obrigatorios e facultativos é necesario referirmonos aos cadros actanciais ou *frames*, na terminoloxía de Dik (1989: 68-72). O cadro actancial defínese polo número de actantes que presentan os verbos, o que posibilita termos predicados verbais avalentes, monovalentes etc.; dito cadro condiciona que poidamos contar en ocasións con predicacións fechadas ou abertas, segundo se empregaren todos ou apenas un(s) dese(s) actante(s).

rexido polo verbo e que se non precisa para que este teña unha significación plena. Con todo, a distinción entre uns e outros, entre actantes e circunstantes, non sempre resulta tarefa doada e aínda hoxe faltan por fixar con clareza os principios que os poidan delimitar en todas as situacións, sobre todo no caso dos dativos éticos (interese, solidariedade e pose), en que se teñen manexado terminoloxías como “actantes exteriores” (Vilela, 1999: 335). Neste sentido, Cervoni (1991: 115-116) prefire referirse a certos casos dubidosos co que denomina de “pseudo-circunstantes”<sup>4</sup>.

Mediante a valencia, pois, sábese o número de actantes que pide o predicado verbal, en que se distinguen dez tipos<sup>5</sup>: A1 (SUX), A2 (CD), A3 (CI), A4 (CPrep), A5 (Locativo), A6 (Direccional), A7 (Temporativo), A8 (Cuantitativo), A9 (Modativo) e A10 (Predicativo). A esta división cómprelle facermos dúas observacións: en primeiro lugar, o xeito en que se combinan todos eles nunca excede de tres elementos, polo que se dá en falar de verbos aivalentes (sen actancia), verbos monovalentes (só un actante), verbos bivalentes (dous elementos actanciais) e verbos trivalentes (tres elementos argumentais); algúns autores tamén levan falado de verbos tetravalentes e pentavalentes, mais non parecen ser máis do que expansións a partir de modelos predicativos máis sinxelos<sup>6</sup>. E en segundo lugar, convén notarmos que o que se coñece adoito por SUX fica aquí hierarquizado a ocupar a primeira posición, mais facendo parte do cadro actancial do verbo; na realidade, é este un tema por que se ten cuestionado o modelo valencial, aínda que se tamén pode argumentar a favor o seu lugar predominante en dito cadro e o facto de que o verbo, a concordar efectivamente co SUX en número e persoa, tamén concorda eventualmente en caso co CD e CI mediante as estruturas con redobro de clítico (*A casa construíuna con moito esforzo / Contoulles a historia aos amigos*).

A teoría da valencia tivo a súa primeira formulación na figura do lingüista galo Tesnière, mais desde a súa clásica publicación *Éléments de Syntaxe Structurelle*, en 1959, dito marco teórico ten sufrido relevantes revisións e modernizacións. Así, por exemplo, o autor francés distinguiu un máximo de tres actantes, o que resulta contrastivo cos dez que se identifican na actualidade. Precisamente, e grazas ás revisións que os discípulos e os seguidores de Tesnière foron facendo após a súa morte, hoxe contamos co actante identificado convencionalmente como A4. Na tradición lingüística hispánica fíxose corresponder ao concepto de Suplemento, sobre o cal voltaremos máis adiante, de certo uso tamén na Galiza, ou, tamén, co Complemento Preposicional (abreviado

<sup>4</sup> Cervoni (1991: 115-116) contempla a existencia dun *continuum* e distingue tres categorías no marco da transitividade, a saber, (i) actantes, (ii) pseudo-circunstantes e (iii) circunstantes. Asumida esta gradación, “il restera au linguiste à introduire dans le **continuum** les divisions et subdivisions qui lui paraissent les plus pertinentes”.

<sup>5</sup> Para a tipoloxía de actantes e para a súa caracterización, véxase Vilela (1999: 332-339) ou Silva (2001: 93). Véxase tamén Rábade Castiñeira (2003: 145), quen ofrece unha revisión do traballo de Busse / Vilela (1986: 35-41) a manter o mesmo número de actantes mais reagrupándoos hierarquicamente dun outro modo.

<sup>6</sup> Véxase Lewandowski (1992: 369, *s.v. verbo*) ou Peres / Mória (1995: 52) para os casos de *arrastar*, *levar*, *pasar*, *transferir*, *traer*, os cales son identificados como “predicados quaternários ou de catro lugares” E se catro actantes resulta unha cifra problemática canto á súa consideración como elementos exixidos polo verbo, non faltan casos en que se baralla inclusivamente un número maior; neste sentido, Wotjak (1994: 75) pondera como nalgúns estudos se ten indicado a posibilidade da existencia de verbos con cinco actantes.

en CPrep). Convén ponderamos que a tradición gramatical galega considerou este actante dun modo certamente irregular, pois, aínda a estar bastante asentada a etiqueta “Suplemento”, foi tamén asociado aos complementos de rexime indirecto, aos CCDD, aos CC etc.

Talvez a denominación máis acaída resulte ser ‘Complemento Preposicional’, baseada no feito de que o A4 precisa de levar, e é esta unha das súas características fundamentais, unha partícula prepositiva para manifestar a súa ligazón ao verbo. Neste sentido, canto ás preposicións que introducen A4, o que se observa é un certo predominio dalgunhas en contraste con outras, que, ou ben nunca se van atestar en tales funcións, ou ben gozan dunha rendibilidade certamente menor. No entanto, diferenzas diacrónicas e mesmo de rexistro posibilitan que non se empregue sempre a mesma partícula preposicional para preludiar A4; así, non deixa de ser ponderábel que determinadas preposicións comúns na Idade Media hoxe non se encontren con semellantes responsabilidades sintácticas<sup>7</sup>, e tamén non deixa de ser salientábel que en determinadas variedades de portugués, en especial o ultramarino, se achen solucións comúns ao galego e inusuais ou de nula rendibilidade no portugués padrón lisboeta<sup>8</sup>. Mais, á parte destas dúas consideracións, o certo é que na Galiza existe predominancia de determinadas partículas prepositivas para A4, como son *a*, *de* e *en*.

Tamén se observa certa produtividade nos tipos de palabras que poden desempeñar a función de A4. As posíbeis, de acordo con Álvarez / Xove (2002: 104)<sup>9</sup>, corresponden a P (= preposición) + FN, P + Cláusula de infinitivo, P + Cláusula conxuncional (*que*, *se*), P + Cláusula de relativo (*quen*, *o / a que*, *cal*, *canto*), P + Cláusula de relativo interrogativa, P + Adverbio e, finalmente, P + Cláusula de relativo (con *onde*,

<sup>7</sup> Véxase Xavier (1993: 813) cando sinala que “alguns verbos seleccionam, ao longo da história, uma ou outra preposição”. Así, determinados usos do galego-portugués medieval expostos por este investigador apuntan nesta dirección, como os seguintes, en que transparece *de* a alternar con *a* se perspectivadas historicamente: med.: ousar *de* + infinitivo / mod.: ousar + infinitivo, med.: obrigar *a / de* + infinitivo / mod.: obrigar *a* + infinitivo, med.: dever *a / de* + infinitivo / mod.: dever (*de*) + infinitivo etc.

<sup>8</sup> Así, por exemplo, Vázquez Cuesta (1994: 641), a desenvolver algúns dos trazos máis representativos da linguaxe literaria de Mía Couto, salienta como típico do portugués mozanbicano “a utilização abusiva da preposição *de*” en casos como *Começaram de construir uma ponte de cimento, A sobrinha, coitada, conseguiu de carregar o pilão*. Douro lado, a respecto da construción *ir en* + FN, hai que notar que, sendo totalmente normal na Galiza, é considerada como máis un exemplo de brasileirismo sintáctico nalgunhas gramáticas portuguesas, segundo se acha en Mateus *et al.* (1989: 33), figurando na tabela de diverxencias entre o portugués europeo e o americano. A similares conclusións chegan Cuesta / Luz (1989: 558), xa que se indica que “na língua familiar brasileira, o emprego de *em*” con verbos de movemento é moi frecuente, situación que ilustran co exemplo “Cheguei *na* cidade por Cheguei *à* cidade”. Igualmente, nalgúns crioulos de base lexical portuguesa é coñecida esta construción, como no de Cabo Verde, segundo nos informa Lopes da Silva (1984: 178), quen pondera que se trata dunha “prática que vem da língua antiga”.

<sup>9</sup> Véxase tamén Vilela (1999: 344), quen se mostra máis restritivo do que Álvarez / Xove (2002) ao só incluír catro estruturas posíbeis “que realizan os actantes”. O cadro con que esquematiza tales realizacións é o que segue:

A1	Predicado	A2	A4
SN		SN	Prep. + SN
Frase		Frase	Prep. + Frase
Infinitivo		Infinitivo	Prep. + Infinitivo
Inter. directa		Inter. indirecta	Prep. + Infinitivo

*cando, como*). Ora ben, destas sete non todas gozan de idéntica produtividade, cal por exemplo o quinto ou o sexto suposto, nos cales a súa frecuencia de atestación é sensibelmente inferior aos tres primeiros tipos.

## 2. O complemento preposicional e o verbo

### 2.1. Cuestións xerais

Vistos os aspectos xerais máis relevantes do CPrep ou A4, ímonos centrar a seguir na súa análise tendo o verbo, o nó da cláusula que o subordina, como punto de referencia. Convirá indicarmos, antes de máis, que a proximidade entre a transitividade de A2 e de A4 é certamente notoria, sobre todo nalgúns casos en que a posibilidade de construción é dupla (*Tírao / Tira con el*). Dita ligazón ten levado certos autores a se referiren ao A4 como un “complemento directo con preposición”<sup>10</sup>, aínda que non se deben confundir nin facer equivaler os dous actantes, a teor doutras realidades análogas verificábeis na lingua: no galego, por exemplo, existe a posibilidade de emprego tanto dun clítico de acusativo como de dativo cando esa partícula se comportar como suxeito dun infinitivo (*Deixeina saír / Deixeille saír*), e non por iso se postula unha certa “identidade” entre dous casos, acusativo e dativo pronominais; do mesmo xeito, algúns verbos semellan admitir tanto unha construción con CD como de CI, nalgúns casos sen o núcleo mudar de significado, como *Axudouma / Axudoulle*, e noutros adquirindo novas significacións e valores, como *Imítaa / Imítalle* etc, e tampouco nestas circunstancias se defende unha identificación entre ambos os tipos de actantes.

A noción de ‘Suplemento’ foi inicialmente introducida no discurso hispánico por Emilio Alarcos Llorach na década de 70 do pasado século, mais as revisións das súas propias investigacións levárono a formular unha nova clasificación dese complemento. Así pois, segundo Alarcos (1990), distínguense as seguintes modalidades: (i) *suplemento indirecto*, complemento que pode aparecer con Implemento (= A2) e que vén demandado conxuntamente tanto polo verbo como por este argumento. É un exemplo como *Encheu o vaso de auga*; (ii) *suplemento inherente*, que se encontra en predicacións do tipo *Residen en Betanzos*; (iii) *suplemento atributivo*, en que un complemento preposicional obrigatorio presenta carácter de asignación de cualidades, como se encontra en estruturas do tipo *Acusárono de homicida*; e (iv) *suplemento propio*, que mantén as primeiras caracterizacións propostas polo lingüista ovetense e que se encontra en construcións como *Carece de auga*.

Ora, desde o marco teórico da valencia non parecen ser totalmente admisíbeis estas subdivisións, xa que se confunde ás veces A4 con outros actantes (A5 ou A10). Así pois, dado que a visión de Alarcos non é completamente satisfactoria, xorde a pregunta de

<sup>10</sup> A gramática de Álvarez *et al.* (1993: 521) é a primeira en identificar os vínculos existentes entre o CD e o Suplemento, isto é, entre A2 e A4, matizando a presenza obrigatoria, para ser considerado Suplemento, dunha preposición que non sexa *a*. Afirmase nesa obra que hai “casos en que o obxecto directo pode ir introducido por unha preposición distinta de *a*, e nestes casos chámasele suplemento”. Por outra banda, en Freixeiro Mato (2000b: 639) incídese outravolta na denominación de Suplemento. Logo de falar do CD e dos casos en que puntualmente precisa da preposición *a*, o autor afirma que un Suplemento non é senón un CD con preposición: “Visto que en galego por norma o CD non leva preposición, salvo *a* en moi contadas ocasións, e tendo en conta a existencia doutras conxuncións introducidas por distintas preposicións (*en, con, de, por* etc.) que establecen unha relación semántica análoga á do CD, véñse falando dun CD con preposición ou suplemento en galego”.

cales son os trazos que permiten distinguirmos A4 doutros tipos de actantes e, dentro destes, o A2. Ao noso ver, tales características son as que seguen: en primeiro lugar, maniféstase o carácter obrigatorio dunha preposición, aínda que non se trata dun trazo totalmente inherente a A4 porque algúns actantes tamén a exixen (A3, A5, A6 e A7), ao paso que tamén se encontran circunstancias que a piden (*Viu os amigos na Coruña*). En segundo lugar, mentres A2 é comunmente deictizábel cun clítico de acusativo (e, á súa vez, A3 mediante un de dativo), A4 bota man dun pronome tónico para esta finalidade; convén subliñarmos a circunstancia de que os correspondentes clíticos ocultan tamén a preposición en A2 e en A3 (*Aman a Deus* > *Ámamo*; *Telefonou ao seu pai* > *Telefonoulle*), situación que se tampouco produce con A4, pois continúa a figurar a marca prepositiva. Como terceira característica, e como consecuencia directa do anterior, A2, segundo Porto Dapena (1997), sería un complemento *integrábel*, pois, se se deictizar, pasa a depender, do punto de vista fonético e sintáctico, do verbo que o exixe; o A4, en confronto, é un complemento non integrábel por se non producir ese vínculo fonético e sintáctico. En cuarto lugar, ao paso que unha modificación da orde de palabras máis habitual con A2 pode pedir unha estrutura con redobro de clítico (*Vinonte os rapaces* / *Os rapaces vmos onte*), no caso de A4 unha alteración desta índole non conleva a aparición de ningún pronome átono:

1. (a) Pensou *nos amigos*<sub>A4</sub> toda a mañá
- (b) *Nos amigos*<sub>A4</sub> pensou toda a mañá
- (c) \**Nos amigos*<sub>A4</sub> pensou *neles*<sub>A4</sub> toda a mañá

O quinto trazo resulta da conversión en pasiva dun enunciado activo. Como norma xeral, con A4 non é posíbel esta mudanza diatética, aínda que certas construcións con este actante non parecen rexeitar completamente tal modificación. Neste sentido, Gutiérrez Araus (1987: 380) non ten dúbidas en afirmar que hai casos en que é posíbel a transformación en pasiva con A4:

2. (a) Despediuse *dos convidados*<sub>A4</sub> con moita amabilidade
- (a') *Os convidados*<sub>A1</sub> foron despedidos con moita amabilidade
- (b) *Os veciños*<sub>A1</sub> esqueceronse *das súas raíces*<sub>A4</sub>
- (b') *As súas raíces*<sub>A1</sub> foron esquecidas polos veciños

E, finalmente, aínda que falaremos disto máis adiante, hai que ponderar a posibilidade de que aparezan tanto A2 como A4 como complementos exixidos polo verbo, o que redunda na súa pertinente diferenciación nesas predicados trivalentes.

3. (a) *O Luís*<sub>A1</sub> obrigou *os amigos*<sub>A2</sub> *a saíren*<sub>A4</sub>
- (b) *Ela*<sub>A1</sub> encheu *o copo*<sub>A2</sub> *de auga*<sub>A4</sub>

## 2.2. O verbo e A4

Imos analizar a seguir os comportamentos que A4 presenta a respecto do verbo. Para este obxectivo parece conveniente partirmos das súas posibilidades de construción a respecto deste, onde se distinguen as predicacións con verbos que exixen dous actantes e aquelas outras en que se encontran tres compoñentes actanciais.

### 2.2.1. Verbos bivalentes

#### 2.2.1.1. Verbos cunha única posibilidade de construción (A4)

O primeiro dos tipos que convén salientarmos é o formado por verbos bivalentes que existen A1 e A4 como única construción posíbel. En xeral, o vínculo entre os actantes e o verbo determina unha rexencia fraca, nas palabras de Vilela (1992: 49-50), a repararmos en que unicamente se precisa dun elemento argumental; pertencen a este grupo, poñamos por caso os verbos de (4):

4. (a) O presidente *carece de argumentos*  
 (b) A túa proposta *consta de puntos moi interesantes*  
 (c) O concerto *consistiu nunha selección dos mellores temas*

#### 2.2.1.2. Verbos con dupla posibilidade de construción (A2 / A4 e A3 / A4)

**A.** Dentro dos predicados bivalentes existe unha serie de verbos que permite unha construción tanto con A2 como con A4. Como primeiro tipo, temos de nos referir a determinadas construcións en que a posibilidade de A2 ou A4 non implica mudanza semántica, acaso unha variación de certos matices, segundo se desprende dos exemplos de (5):

5. (a) *O policía*<sub>A1</sub> fitou *me*<sub>A2</sub> con cara de poucos amigos  
 (a') *O policía*<sub>A1</sub> fitou *para min*<sub>A4</sub> con cara de poucos amigos  
 (b) *O carpinteiro*<sub>A1</sub> desfrutou *a vida*<sub>A2</sub> en canto puido  
 (b') *O carpinteiro*<sub>A1</sub> desfrutou *da vida*<sub>A4</sub> en canto puido  
 (c) *Eles*<sub>A1</sub> sospeitan *que fostes vós*<sub>A2</sub>  
 (c') *Eles*<sub>A1</sub> sospeitan *de vós*<sub>A4</sub>

Ás veces, a escolla entre A2 e A4 semella vir condicionada polo rexistro lingüístico que se usar, do tipo *vestir* (*Viste sempre traxe gris / Viste sempre de traxe gris*) ou *usar* (*Usou a túa casaca / Usaron das peores caviladuras para os convenceren*); os verbos *precisar* e *necesitar*, por exemplo, son máis doadamente adscribíbeis aos niveis formalmente marcados se construídos con A4, ao paso que o uso maioritario, fóra deses estilos, parece tender á construción con A2:

6. (a) Necesitou de *cartos*<sub>A4</sub> urxentemente / Necesitou *cartos*<sub>A2</sub> urxentemente  
 (b) Precisas *de axuda*<sub>A4</sub> ou non? / Precisas *axuda*<sub>A2</sub> ou non?

Mención á parte neste subgrupo de verbos piden aqueles que se constrúen ora con A2, ora con A4, do tipo *apañar*, *bater*, *comer*, *mallar*, *roer*, *segar*, *sachar*, *tirar* etc., por, en primeiro lugar, constituíren magníficos expoñentes desta dupla posibilidade de transitividade, e, por outro, seren hodiernamente característicos da nosa lingua, en que, de acordo con Rodríguez Guerra (1997: 347), son habituais xa no século XIX, como ben o demostra o comentario que lles dedica Saco Arce (1868: 203). Os exemplos de (6) demostran a compatibilidade de construción con A2 e con A4, introducido polo recorrente nexa *en*, que deixa entrever matices durativos no desenvolvemento da acción:

7. (a) *O cocinheiro*<sub>A1</sub> batía *os ovos*<sub>A2</sub> para a torta  
 (a') *O cocinheiro*<sub>A1</sub> batía *no neno*<sub>A4</sub> cunha certa frecuencia

- (b) *Os nosos pais*<sub>A1</sub> mallaban *a herba*<sub>A2</sub>  
 (b') *Os nosos pais*<sub>A1</sub> mallaban *na herba*<sub>A4</sub>  
 (c) Hoxe *ela*<sub>A1</sub> andou a sachar *as patacas*<sub>A2</sub>  
 (c') Hoxe *ela*<sub>A1</sub> andou a sachar *nas patacas*<sub>A4</sub>

Como sinala Rodríguez Guerra (1997: 347) centrándose na preposición *en*, rexístranse por todo o dominio lingüístico galego, polo que non corresponden a variacionismos de tipo diastrático nin dialectal; doutra parte, existe unha relación entre o emprego destas predicacións e o nivel de lingua, pois hai que notar relación inversamente proporcional entre grao de formalismo do contexto comunicativo e cantidade de exemplos atopados. Para Freixeiro Mato (2000a: 389), a súa xénese debe ser entendida por o galego se manter durante os últimos séculos lonxe dos usos formalizados, o que sen dúbida favoreceu o seu suceso. Tendo o fenómeno, pois, unha orixe presumibelmente popular<sup>11</sup>, non é de estrañar que se poida documentar tamén na outra beira miñota, aínda que o recurso non parece coñecer unha produtividade tan alta como acontece na Galiza; deste modo, Lapa (1984: 269) e Buescu (1984: 116) detectan o fenómeno en falares rexionais e populares, predominando neses casos a partícula *em*.

Todos os casos que expuxemos de verbos que toleran tanto A2 canto A4 coñecen unha nova perspectiva na proposta de Rivas (2002). Para este autor, existe un prototipo de CD (A2) condicionado por unhas determinadas características (afectación, inanimación e individualización do CD); cando algún destes trazos se non cumprir, di Rivas, nese momento “xorden así as estruturas preposicionais que son en realidade CDIRs pouco prototípicos ou periféricos [...] porque non posúen todos os atributos que caracterizan o exemplar ideal da categoría”.

**B.** A outra grande modalidade de verbos con A2 e con A4 é aquela en que nos predicados verbais se dá mudanza semántica, como nos casos de (8):

8. (a) *A rapaza*<sub>A1</sub> conta *as moedas*<sub>A2</sub> [contar = ennumerar]  
 (a') *A rapaza*<sub>A1</sub> conta *cun notábel*<sub>A4</sub> [contar con = aspirar a]  
 (b) *A artista*<sub>A1</sub> aspirou *esa fragancia*<sub>A2</sub> [aspirar = ulir]  
 (b') *A artista*<sub>A1</sub> aspira *á presidencia*<sub>A4</sub> [aspirar a = desexar]

Por outro lado, non faltan exemplos de verbos bivalentes que admiten até tres posibles construcións, aínda que non se documenten nun número abondoso. Tal é o que acontece, con substanciosas mudanzas semánticas, co verbo *saber*, como se ilustra en (9):

9. (a) *Ela*<sub>A1</sub> sabe *os problemas que tiveron*<sub>A2</sub> ['coñece']  
 (b) *Ela*<sub>A1</sub> sabe *dos problemas que tiveron*<sub>A4</sub> ['é consciente']  
 (c) *Sabíalle*<sub>A3</sub> *o leite fresco*<sub>A1</sub> ['gustáballe']

**C.** Dentro dos predicados biactanciais, temos de facer igualmente referencia a un terceiro grupo, o daqueles en que se dá esa mesma duplicidade con A4 e A3. Non

<sup>11</sup> É digno de nota, asemade, o parecer de Cidrás Escáneo (1998: 575-576), quen, nos períodos de conformación das linguas romances, prefire ver nestes usos vestixios da necesidade de marcaxe do obxecto, en que saíu con suceso *a*, ficando marxinalizadas todas as demais preposicións como marca canónica de obxecto.

constitúen eses verbos un número considerábel dentro dos romances ibéricos, e tampouco no galego, mais presentan unha característica salientábel: o feito de a preposición que introduce ese A4 ser, como acontece con A3, outra vez *a*. Esta circunstancia pode tornar dificultoso discernirmos entre ambos os actantes e, en tales casos, a proba da deictización por un dativo esclarece o tipo de actante; dita anaforización pode comportar o aparecemento de estruturas con redobro de clítico, totalmente imposíbeis no caso de *a* + A4. Do mesmo xeito, tamén ten certa importancia acudirmos á caracterización semántica dese actante, xa que con A3 o trazo costuma ser [+animado], en canto con A4 é habitual que corresponda a [-animado]:

10. (a) *A casa*<sub>A1</sub> pertencía *á madriña*<sub>A3</sub>  
 (a') *A casa*<sub>A1</sub> pertencía *á freguesía de Pousada*<sub>A4</sub>  
 (a'') *¿A casa*<sub>A1</sub> pertencíalle<sub>A4</sub> [lle \_ *á parroquia de Pousada*]  
 (b) *Fáltalle*<sub>A3</sub> *un dedo*<sub>A1</sub> e non pode tocar ben  
 (b') *O Brais*<sub>A1</sub> faltou *aos principios da comunidade*<sub>A4</sub>  
 (b'') *\*O Brais*<sub>A1</sub> faltoulles<sub>A4</sub> [lles \_ *aos prncípios da comunidade*]

### 2.2.2. Verbos trivalentes construídos con A2 e A4

Dentro dos cadros actanciais trivalentes, hai que salientar o esquema predicativo V + A1 + A2 + A4, do tipo dos expostos en (10). Nestes casos, as preposicións preferidas para introduciren A4 son *de*, *en* e *a*, co que se verifica o predominio destes tres nexos en tales estruturas:

11. (a) *As medidas*<sub>A1</sub> empurráronme<sub>A2</sub> *a decisións moi serias*<sub>A4</sub>  
 (b) *Eles*<sub>A1</sub> defenderon *as súas terras*<sub>A2</sub> *desa construtora*<sub>A4</sub>  
 (d) *Ese político*<sub>A1</sub> privounos<sub>A2</sub> *dos dereitos fundamentais*<sub>A4</sub>  
 (f) *Ti*<sub>A1</sub> baseaches *a tese*<sub>A2</sub> *nas fontes medievais*<sub>A4</sub>

Igualmente, a respecto dun A2 co trazo [+humano], existe na lingua certa tendencia á anaforización pronominal mediante un dativo. Na realidade, trátase dun fenómeno xa documentado na lingua arcaica, en que predomina a substitución por un acusativo; é o que acontece, entre outros, cos verbos *advertir* ou *axudar*:

12. (a) *Ana*<sub>A1</sub> advertiuno<sub>A2</sub> *do acontecido*<sub>A4</sub>  
 (a') *Ana*<sub>A1</sub> advertiulle<sub>A3</sub> *do acontecido*<sub>A4</sub>  
 (c) *Ana*<sub>A1</sub> axudouno<sub>A2</sub> *a limpar a casa*<sub>A4</sub>  
 (c') *Ana*<sub>A1</sub> axudoulle<sub>A3</sub> *a limpar a casa*<sub>A4</sub>

### 2.2.3. Verbos de valencia variábel

Para alén dos verbos bivalentes e trivalentes, existen algúns que se poden construír con diversas combinacións canto ao seu número de actantes, isto é, son verbos con valencia variábel. En tales circunstancias, segundo Vilela (1999: 345), resulta difícil cunha certa frecuencia determinarmos o cadro actancial do predicado, pois a “variabilidade de construción de um mesmo verbo deixa-nos, por vezes, na dúbida sobre se estamos perante o mesmo verbo ou verbos diferentes”<sup>12</sup>. Unha das estruturas típicas

<sup>12</sup> Cfr. tamén o exposto en Busse / Vilela (1986: 67), onde se di que hai “verbos que presentan



destes casos de valencia que podemos denominar variábel consiste na escolla entre A1 e A4, dun lado, e A1, A2 e A3, doutro. A elección determina construcións biactanciais ou triactanciais con notábeis mudanzas no significado, como ilustran os seguintes casos:

13. (a) *Nós*<sub>A1</sub> xa demos *co libro*<sub>A4</sub>  
 (a') *Os membros da comisión*<sub>A1</sub> déronlle<sub>A3</sub> *un premio*<sub>A2</sub>  
 (b) *Os amigos*<sub>A1</sub> non confiaban *neles*<sub>A4</sub>  
 (b') *Ti*<sub>A1</sub> confíalles *os segredos*<sub>A2</sub> *aos teus veciños*<sub>A3</sub> e xa verás

Do mesmo xeito, temos de facer obrigada referencia aos procedementos derivativos, e en especial á derivación prefixal<sup>13</sup>, xa que pode alterar o cadro actancial e mesmo a preposición que introduce o cuarto actante, segundo se observa nestes exemplos:

14. (a) *Ti*<sub>A1</sub> confíalles<sub>A3</sub> *o segredo*<sub>A2</sub>  
 (b) *Nós*<sub>A1</sub> confiamos *nos vosos amigos*<sub>A4</sub> introducido por *en*  
 (b') *Nós*<sub>A1</sub> desconfiamos *dos vosos amigos*<sub>A4</sub> introducido por *de*

Convén tamén falarmos das construcións pronominais dentro das casuísticas de valencia variábel. Antes de máis, é preciso notarmos que o carácter reflexivo se non manifesta estaticamente en todo o conxunto dos verbos, mais que é unha característica tamén variábel, onde se distingue, primeiro, un punto máximo, obrigatorio, de aparición do apéndice pronominal (*queixarse de*, *dignarse a* etc.); segundo, unha situación media (*parecer* / *parecerse* etc.); e terceiro, un estadio mínimo de falta de produtividade (*morrer*, *adormecer*). A nos basearmos nos traballos de Cidrás Escáneo (1991) e de Freixeiro Mato (2000b: 153-161), pódense salientar diversos comportamentos dos verbos canto ás súas capacidades actanciais no dominio da reflexividade, de que expomos os casos máis representativos:

1. Verbos que non admiten a construción reflexiva, tales como *adormecer*, *morrer*, *escurecer*, *esmorecer* etc., e nos cales, nalgúns predicados, o seu cadro actancial tolera en ocasións tanto un esquema monovalente canto bivalente:

15. (a) *O día*<sub>A1</sub> escureceu antes de tempo  
 (b) *Ese músico*<sub>A1</sub> escureceu *outros talentos contemporáneos*<sub>A2</sub>

2. Verbos que, a pesar de xeralmente iren sen construción reflexiva, toleran este índice pronominal e non mudan de significado, do tipo *cansar*, *sentar*, *casar* etc.; o cadro actancial en tales casos pode ser monovalente ou bivalente:

---

construções com um número variável de actantes, em que é quase impossível dizer se se trata duma construção, digamos, primariamente trivalente, com dois actantes facultativos, o se se trata de duas construções do mesmo nível, também primárias”.

<sup>13</sup> Na realidade, é notábel o parentesco entre determinados afixos prefixais e as preposicións, até o punto de algúns prefixos e preposicións teren a mesma orixe latina. Véxase o exemplo exposto en Iordan / Manoliu (1989, I: 385, nota 14) ao falaren de rexencia no uso preposicional: “también en latín existían casos de obligatoriedad de este género, como, por ejemplo, entre el prefijo del verbo y la preposición (*decedere de vita*)”. Outros exemplos de ampliación de valencia na lingua actual son os que se dan co verbo *correr* e algúns seus derivados, cal *percorrer*, *incorrer*, *recorrer* etc.

16. (a) *O rapaz*<sub>A1</sub> sentou para ver o concerto  
 (b) *O rapaz*<sub>A1</sub> sentouse<sub>A2</sub> para ver o concerto

3. Verbos que se empregan coas dúas posibilidades, mais a mudaren de significado, como *afogar* ('morir por falta de ar' / *afogarse* ('enforcarse'), *conformar* ('dar forma') / *conformarse con* ('resignarse') etc.; o esquema actancial preséntase no conxunto destes verbos sen carácter estático, pois existen os predicados bivalentes (*conformar* 'dar forma') e os trivalentes (*conformarse con*):

17. (a) *O pensamento de Castelao*<sub>A1</sub> conforma *o nacionalismo do século XIX*<sub>A2</sub>  
 (b) *Nós*<sub>A1</sub> non nos conformamos *con semellante soldo*<sub>A4</sub>

4. Verbos construídos ora con A2 (ou con A2 e A3), ora con A4 e incrementación reflexiva, onde o pronome clítico é un morfema flexional obxectivo (Cidrás Escáneo, 1991). En tales circunstancias, pode mesmo variar profundamente o significado do lexema verbal, como nos casos de (18):

18. (a) *O seu pensamento*<sub>A1</sub> conforma *unha ideoloxía coherente*<sub>A2</sub>  
 (a') *Ti*<sub>A1</sub> non te conformes *con aprobares dese xeito*<sub>A4</sub>  
 (b) *Os amigos*<sub>A1</sub> desfixeron *o valo vello de pedra*<sub>A2</sub>  
 (b') *Os amigos*<sub>A1</sub> desfixéronse *do valo vello de pedra*<sub>A4</sub>

### 3. Conclusións

O exposto nas páxinas precedentes pretende ser unha aproximación ao CPrep desde a Teoría da Valencia, e en particular ao comportamento dos verbos en relación a A4. Obviamente, esta perspectiva non esgota outros aspectos que trataremos noutro lugar, mais como conclusións xerais do dito anteriormente, queredamos ponderar, primeiramente, o distinto comportamento dos verbos canto á súas capacidades de estruturación actancial no referente a A4, xa que se observa como hai verbos que non mudan a súa construción sintáctica e como outros alteran as súas propiedades transitivas.

E en segundo lugar, temos de salientar como o CPrep tamén presenta un comportamento singular canto ás súas posibilidades de escolla ou combinación con outros actantes, nomeadamente con A2; a selección dun determinado tipo de actante pode ser sinónimo, aínda que non sempre sexa así, dunhas notábeis mudanzas semánticas, segundo tivemos ocasión de comprobarmos máis arriba.

## BIBLIOGRAFIA

- ALARCOS, E. (1990), “La noción de suplemento”, in *Profesor Francisco Marsá / Jornadas de Filología*, Barcelona, Universitat, pp. 209-221.
- ÁLVAREZ, R. e XOVE, X. (2002), *Gramática da lingua galega*, Vigo, Galaxia.
- BLINKENBERG, A. (1960), *Le problème de la transitivité en français moderne. Essai syntactico-sémantique*, Historisk-filosofiske Meddelelser, udviget af *Det Kongelige Danske Videnskaberne Selskab*, 38, 1.
- BUESCU, M. L. Carvalhão (1984), *Monsanto. Etnografía e Linguagem*, Lisboa, Presença.
- BUSSE, W. e VILELA, M. (1986), *Gramática de Valências. Apresentação e Esboço de Aplicação à Língua Portuguesa*, Coimbra, Livaria Almedina.
- CANO AGUILAR, R. (1981), *Estructuras sintácticas transitivas en el español actual*, Madrid, Gredos.
- CERVONI, J. (1991), *La préposition. Étude sémantique et pragmatique*, Paris, Duculot.
- CIDRÁS ESCÁNEO, F. A. (1991), “As construcións pronominais en galego. Proposta de clasificación e caracterización”, in Brea, M. & F. Fernández Rei (coords.), *Homenaxe ó profesor Constantino García*, Santiago de Compostela, Universidade, vol. 1, pp. 101-125.
- CIDRÁS ESCÁNEO, F. A. (1998), “Marcaxe preposicional de obxecto en galego. Emerxencia e vicisitudes dun proceso de gramaticalización sintáctica”, in Kremer, D. (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, Vigo, Galaxia, vol. 2, pp. 569-580.
- CUESTA, P. Vázquez / Luz, M. A. Mendes da (1989), *Gramática da Língua Portuguesa*, Lisboa, Edições 70.
- DIK, S. C. (1989), *The Theory of Functional Grammar. I. The Structure of the Clause*, Dordrecht, Foris.
- FREIXEIRO MATO, X. R. (1999), *Gramática da lingua galega*, III, *Semántica*, Vigo, A Nosa Terra.
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2000a), “Algunhas cuestións arredor da transitividade en galego”, in *Professor Basilio Losada. Ensinar a pensar con liberdade de risco*, Santiago de Compostela / Barcelona, Xunta de Galicia / Universitat, pp. 387-395.
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2000b), *Gramática da lingua galega*, II, *Morfosintaxe*, Vigo, A Nosa Terra.
- GARCÍA-MIGUEL, J. M. (1995), *Transitividad y complementación preposicional en español*, Anexo 40 de *Verba*, Santiago de Compostela, Universidade.
- GUTIÉRREZ ARAUS, M. A. (1987), “Sobre la transitividad preposicional en español”, in *Verba*, nº 14, pp. 367-381.
- HALLIDAY, M. A. K. (1973), *Explorations in the Functions of Language*, Bristol, Edward Arnold.
- IODAN, I. e MANOLIU, M. (1989), *Manual de lingüística románica*, Madrid, Gredos.
- LAPA, M. Rodrigues (1984), *Estilística da Língua Portuguesa*, Coimbra, Coimbra Editora.
- LEWANDOWSKI, T. (1992), *Diccionario de Lingüística*, Madrid, Cátedra.
- LOPES DA SILVA, B. (1984), *O Dialecto Crioulo de Cabo Verde*, Lisboa, Imprensa Nacional / Casa da Moeda.
- MARTÍNEZ GARCÍA, H. (1986), *El suplemento en español*, Madrid, Gredos.
- MATEUS, M. H. Mira *et al.* (1989), *Gramática da Língua Portuguesa*, Lisboa, Caminho.

- PERES, J. A. e MÓIA, T. (1995), *Áreas Críticas da Língua Portuguesa*, Lisboa, Caminho.
- PORTO DAPENA, J.-Á. (1997), *Complementos argumentales del verbo: directo, indirecto, suplemento y agente*, Madrid, Arco Libros.
- RÁBADE CASTIÑEIRA, X. C. (2003), “Algunhas propostas sobre as unidades, relacións e funcións sintácticas”, in *Revista Galega de Filoloxía*, nº 4, pp. 115-152.
- RIVAS, J. (2002), “Complementos directos periféricos”, in Lorenzo, R. (ed.), *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*, Santiago de Compostela, Universidade, pp. 255-266.
- RODRÍGUEZ GUERRA, A. (1997), “Aspectos da transitividade galega: os complementos con ‘en’”, in Fernández Salgado, B. (ed.), *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*, Oxford, Oxford Centre for Galician Studies, vol. 1, pp. 343-352.
- SACO ARCE, J. A. (1868), *Gramática gallega*, Lugo, Imprenta de Soto Freire.
- SILVA, F. (2001), “Entre a gramática tradicional e a gramática de valências”, in Fonseca, F. I. et al. (orgs.), *Actas do Colóquio A Linguística na Formação do Professor de Português*, Porto, Centro de Linguística da Universidade do Porto, pp. 83-105.
- VÁZQUEZ CUESTA, P. (1994), “Observações sobre o português de Moçambique”, in Lorenzo, R. (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, vol. 6, pp. 631-647.
- VILELA, M. (1992), *Gramática de Valências. Teoria e Aplicação*, Coimbra, Livraria Almedina.
- VILELA, Mário (1999), *Gramática da Língua Portuguesa. Gramática da Palavra. Gramática da Frase. Gramática do Texto / Discurso*, Coimbra, Livraria Almedina.
- WOTJAK, G. (1994), “Actantes y sus correspondencias semánticas en los verbos”, in Endruschat, A. et al., *Verbo e Estruturas Frásicas. Actas do IV Colóquio Internacional de Linguística Hispânica*, Porto, Universidade, pp. 71-91.
- XAVIER, M. F. (1993), “Funções das preposições *de* e *a* em português. Um estudo diacrónico”, in Lorenzo, R. (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, vol. 5, pp. 809-817.